

NORMAS E RECOMENDACIÓN S PARA OS NENOS/AS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN CONCELLO DE MONFORTE 2026

1. O inicio de cada unha das quincenas do Campamento Deportivo de Verán é o seguinte:

- Inicio primeira quincena: martes 1 de xullo
- Inicio segunda quincena: mércores 16 de xullo
- Inicio terceira quincena: venres 1 de agosto

Todos os nenos e nenas participantes deberán estar na instalación asignada ás 10:00 h, no caso de non empregar transporte. No caso de empregar transporte deberán estar na parada correspondente á hora indicada nos horarios publicados.

2. Para facilitar a entrada e a saída dos nenos e nenas participantes empregaranse 2 instalacións de referencia nas que estarán distribuídos os grupos participantes. No caso de utilizar o servizo de transporte este distribuirá os alumnos alumnas en función da súa instalación de referencia. Será necesario consultar o documento no que se establece o reparto de alumnos/as por grupos para coñecer a instalación asignada.

3. As instalacións de referencia para a chegada e saída de cada un dos grupos son as seguintes:

Pavillón Municipal da Pinguela:



Pavillón do IES Pinguela:



4. Os participantes deberán levar roupa e calzado deportivo cómodo e axeitado ás actividades, evitando calzado tipo chanclas e sandalias. As seguintes actividades requiren o seguinte equipamento e vestimenta:

- **Piragüismo e xogos de auga:** é necesario o uso de toalla, traxe de baño e/ou indumentaria adecuada, chanquetas e roupa de recambio.

O primeiro día non se vai a realizar ningunha actividade que requira equipamento especial, de xeito que o alumno/a unicamente deberá levar roupa e calzado deportivo.

5. A media mañá realízase un descanso de 20 minutos polo que recoméndase que os nenos e nenas leven algún tipo de alimento e bebida para realizar un pequeno almorzo.
6. Cada neno/a deberá levar unha botella de auga rotulada co seu nome.
7. Non está permitido asistir ós campamento con teléfonos móbiles e con cartos.
8. Deberase respectar ós compañeiros/as e ós monitores/as en todo momento.
9. Nas actividades que se realicen fóra da instalación de referencia os/as alumnos/as terán que prestar moita atención ás indicacións dos monitores correspondentes.
10. É necesario que nos días que quente moito o sol se faga uso de protección solar e de gorra.
11. É indispensable a puntualidade, tanto á hora de chegar como á hora de marchar.
12. Todos/as os/as alumnos/as do campamento contan cun seguro de accidente deportivo. É moi importante que calquera situación que se presente que requira atención médica ou sanitaria se notifique ós organizadores para que estes informen do procedemento que se debe seguir.



13. Para calquera cuestión os teléfonos de contacto son os seguintes:

- Dirección do Campamento: 680 560 888